



EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE VISADO DE PROXECTOS E ESTADO URBANÍSTICO DAS COMARCAS E CONCELLOS DE GALICIA, NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2013. Notas de prensa

- **01** O número de vivendas visadas -novas o rehabilitadas- en Galicia polo Colexio de Arquitectos no primeiro semestre de 2013 con 1.550 vivendas, é o peor dato rexistrado dos derradeiros anos.

O número de vivendas visadas en Galicia no primeiro semestre do 2013, como indicador adiantado do que pode ser o comportamento a curto prazo das vivendas que poidan obter licenza e ser construída e posta no mercado, contradí no dito no anterior informe estatístico colexial do segundo semestre de 2012, onde dicíamos que a actividade de visado colexial parecía que houbera tocado fondo, pois a vista da táboas e gráficos do informe presentado con 1.550 vivendas visadas, podemos dicir que foi o peor rexistro dos contabilizado polo COAG nos últimos trece anos, caendo o número de actuacións en vivendas novas o rehabilitadas ata un 13,5% con respecto o derradeiro semestre do ano 2012, e cun 6% de baixa con respecto o rexistrado no primeiro semestre do año 2012, que era ata agora o dato peor rexistrado.

- **02** O custe económica e a superficie media visada no primeiro semestre do 2013, tamén baixou

Segundo os datos rexistrados polo Colexio de Arquitectos de Galicia, a contía económica visada reflectida nos proxectos baixou ata un 26% con respecto o derradeiro semestre do ano 2012, e a superficie visada tamén baixou un 10% sobre o semestre anterior, actuando como lastre o medo a crise, o elevado stock de vivenda, a escasa demanda sobrante de vivendas en venta áinda pendente de vender, as vivendas de segunda man postas a venda polas entidades bancarias debidas a impagos hipotecarios, e a conseguinte contrición do crédito debido á crise económica.

- **03** A provincia de Ourense sigue rexistrando os peores resultados.

Por provincias o número de vivendas visadas polo servizo de control e supervisión documental do Colexio de Arquitectos no primeiro semestre de 2013, foi por este orden o seguinte: A provincia de A Coruña con 617 vivendas (o 39,81%), a de Pontevedra con 389 vivendas (o 25,09%), a de Lugo con 308 (o 19,87%), e a de Ourense con tan só 236 (15,230%). Os datos da provincia de Ourense coincide con o desplume dos datos correspondentes a súa capital, debidos ademais da crise económica, a la anulación do seu PXOM do ano 2003. A provincia de Pontevedra marcou o máximo porcentaxe de vivenda unifamiliar al situalo nun 82,26%, o cal é sintomático da ausencia de promocións e iniciativas de vivenda colectiva e o refuxio en actuacións de autopromoción.



● 04 Os datos no conxunto dos concellos das sete cidades galegas no primeiro semestre de 2013 están baixo mínimos.

O número de vivendas visadas polo Colexio de Arquitectos nas sete cidades galegas no primeiro semestre de 2013 son malos. Destacando en negativo por este orden, as 23 rexistradas en Ferrol, as 39 vivendas visadas no concello de Pontevedra, e as 45 de Santiago. O resto dos concellos das grandes cidades contabiliza os seguintes rexistros por este orden de maior a menor: Lugo con 139 vivendas, A Coruña con 115 vivendas, Vigo con 74, e Ourense con 64. Resaltar, por tanto que dentro de estes números ridículos, o concello da cidade con mellor comportamento neste primeiro semestre foi o de Lugo podéndose notar quizais o efecto do novo PXOM aprobado recentemente nesta cidade.

● 05 Na contorna das cidades galegas, os datos rexistrados tamén son malos

Dentro da baixa actividade rexistrada no Colexio de Arquitectos, os datos obtidos na contorna das cidades galegas tamén son malos, superando maioritariamente o conxunto dos concellos que a forman, o 40% do total da comarca onde se encrava con respecto a cidade que circundan, por este orden sobresaen os concellos da comarca de Ferrol con un 65,80%, os da Coruña cun 50,70%, os de Santiago cun 44,50%, e os de Vigo cun 42,20%.

Dentro dos pírricos datos, destaca os datos acadados polo concello de Oleiros na comarca de A Coruña con 46 vivendas visadas.

● 06 Os datos de vivenda visada de Protección Oficial por primeira vez é nula.

Segundo datos do Colexio de Arquitectos, no primeiro semestre do 2013 no primeiro semestre do 2013 non se contabilizou ningunha promoción deste tipo, o que supón o 0,00% do total, rexistrando o valor mínimo nos últimos trece anos nos que este dato colexialmente empezou a contabilizarse.

● 07 Aumenta a porcentaxe do visado de proxectos de rehabilitación.

A senda iniciada no ano 2010 referida á actividade de rehabilitación de vivendas, segundo os rexistros do Colexio de Arquitectos, que lograron situar este sector case en un 24,00%, confirmado no ano 2012 ata chegar a un 27,00%, amenta fortemente para rexistrar ni primeiro semestre do ano 2013 nun 36,52%

Confíase que a obrigada implantación dos novos informes de Avaliación dos Edificios (IAE), e as medidas previstas na nova Lei estatal 8/2013 de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbana e no Plan Estatal de Fomento de Aluguer e Rehabilitación 2013-2016 , que substitúen as anteriores Inspecciones Técnicas de Vivendas (ITE's), necesarias polo menos en edificios maiores de cincuenta anos, así como o decidido apoio autonómico as políticas de rehabilitación xestionadas a través das oficinas rehabilitadoras municipais, deriven en mais e mellores actuacións de mantemento e rehabilitación do parque edificado galego.

Tamén confíase que as medidas correctoras que derivan da posta a disposición dos compradores ou arrendatarios do Certificado de Eficiencia Enerxética (CEE) previstas no RD 235/2013, para os contratos de compravenda ou arrendamento de vivendas, e nos edificios frecuentados habitualmente polo público, con superficie útil superior a 500 m², tanto para edificios ocupados por autoridades públicas coma para edificios de titularidade privada, obrigado a partir do 1 de xuño desde ano, deriven nun maior porcentaxe de edificación rehabilitada e axude á necesaria recuperación do sector da construcción.



● **08 O primeiro semestre do 2013, rexistra no Colexio de Arquitectos o valor porcentual máis baixo da década respecto á vivenda colectiva con case un 35%**

Se nos achegamos ao visado da tipoloxía colectiva non podemos máis que verificar o descenso no número de promocións. A porcentaxe contabilizado para este tipo de vivenda e para o primeiro semestre de 2013 é dun 34,71%, cifra moi inferior ao 77% de media rexistrado entre os anos 2000 a 2007.

● **09 A vivenda unifamiliar achega unha porcentaxe de mais do 65% do total de vivenda visada no Colexio de Arquitectos de Galicia, o máximo rexistrado ata o momento.**

O visado da vivenda unifamiliar segue tendo un marcado ritmo asimétrico respecto á do resto de variables analizadas. Lonxe de promocións por lote, a tipoloxía unifamiliar illada cumpre unha función de expectativa individual, na que a economía persoal xoga un papel moi importante. A media de vivendas unifamiliares visadas sitúase en case 170 por mes, moi lonxe das 550 de media por mes rexistradas en períodos normais de actividade edificatoria.

O número total de vivendas unifamiliares visadas no primeiro semestre do ano 2013, foi de 1.012, o que marca a porcentaxe do 65,29% respecto das vivendas totais visadas, sendo esta porcentaxe a máxima rexistrada nas series dos últimos doce anos.

● **10 O 27% dos concellos de Galicia non visaron ningunha vivenda no Colexio de Arquitectos de Galicia no primeiro semestre de 2013.**

Do mesmo xeito que en anos anteriores foron 85 concellos nos que non se rexistrou o visado de un só proxecto de vivenda no primeiro semestre de 2013, que representan o 27% do total de Galicia. Deste xeito repítense o nivel de inactividade acadado en semestres pasados e que representa é o maior da década. O listado por provincias é o seguinte:

- **Provincia de A Coruña (19):** Carral, Boimorto, Touro, Cabana, Cesuras, Paderne, Vilasantar, Monfero, As Somozas, Cee, Dumbría, Lousame, Frades, Trazo, Mañón, Val do Dubra, Santiso, Sobrado e Mazaricos.
- **Provincia de Lugo (23):** Alfoz, Mondoñedo, Ourol, O Vicedo, Carballedo, O Corgo, Guntís de Pallares, Rábade, Ribeira de Piquín, Trabada, Riotorto, Cervantes, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Ribas de Sil, Paradela, Guitiriz, Muras, Xermade, Pantón, Pobra de Brollón, Baleira e Negreira de Muñiz.
- **Provincia de Ourense (33):** Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sarreaus, Trasmirás, Xinzo de Limia, Paderne de Allariz, Xunqueira de Espadanedo, O Irixo, Piñor, San Círvodo de Cea, Nogueira de Ramuín, A Peroxa, Castro Caldelas, Cartelle, Gomesende, Pontedeva, Quintela de Leirado, Verea, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, San Xoán do Río, O Bolo, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Castrelo do Val, Larouco, Cualedro, Oimbra, Riós e Vilariño de Conso.
- **Provincia de Pontevedra (10):** A Cañiza, O Covelo, Dozón, Vila de Cruces, Oia, Mondariz Balneario, A Lama, A Estrada, Fornelos de Montes e Soutomaior.



● 11 No primeiro semestre do ano 2013 aprobáronse sete novos PXOM's

No primeiro semestre do ano 2013 aprobáronse e publicáronse os seguintes Plans xerais de ordenación municipal:

- **PXOM de Mesía (AC).** Publicado no Diario Oficial de Galicia nº 7 de data 10/01/2013, segundo a Orde do 26 de decembro de 2012
- **PXOM de Camariñas (AC).** Publicado no Diario Oficial de Galicia nº 7 de data 10/01/2013, segundo a Orde do 26 de decembro de 2012.
- **PXOM de Láncara (LU).** Publicado no Diario Oficial de Galicia nº 48 de data 08/03/2013, segundo a Orde do 22 de febreiro de 2013.
- **PXOM de A Coruña (AC).** Publicado no Diario Oficial de Galicia nº 48 de data 08/03/2013, segundo a Orde do 25 de febreiro de 2013.
- **PXOM de Sober (LU).** Publicado no Diario Oficial de Galicia nº 75 de data 18/04/2013, segundo a Orde do 5 de abril de 2013.
- **PXOM de Xunqueira de Espadanedo (OU).** Publicado no Diario Oficial de Galicia nº 84 de data 02/05/2013, segundo a Orde do 19 de abril de 2013.
- **PXOM de A Estrada (PO).** Publicado no Diario Oficial de Galicia nº 112 de data 13/06/2013, segundo a Orde do 3 de xuño de 2013.

● 12 69 concellos co planeamento urbanístico adaptado a Lei do solo

A situación actual do planeamento en Galicia segue a ser dispar, malia o esforzo por acadar unha adaptación á Lei do solo da maior parte dos concellos.

Así, dos **69** plans adaptados á 9/2002, **28 se atopan na provincia da Coruña** (Lousame, Orosa, A Capela, Cerdido, As Somozas, Vilarmaior, Boimorto, Curtis, A Pobra do Caramiñal, Santiago de Compostela, Toques, Vedra, Zas, Arzúa, Laxe, Oleiros, Paderne, Sobrado dos Monxes, Dodro, Muros, Teo, Touro, Outes, Abegondo, Irixoa, Camariñas, Mesía, A Coruña), **10 en Lugo** (O Incio, Castroverde, Rábade, Ribas de Sil, Sober, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, Lugo, Xove, Láncara), **24 en Ourense** (San Cibrán das Viñas, Xunqueira da Ambía, Amoeiro, Avión, Sandiás, Castrelo do Val, Laza, Melón, Paderne de Allariz, Taboadela, Vilardelvós, Esgos, Rairiz de Vega, Vilar de Barrio, Arnoia, Cualedro, Beade, Boborás, Cenlle, Cortegada, Muiños, Leiro, Verín, Xunqueira de Espadanedo), e finalmente, **7 na provincia de Pontevedra** (Vigo, Rodeiro, Moaña, Valga, Tui, Marín e A Estrada). 209 concellos galegos o están redactando.

Outros **61** concellos, o 19% non teñen planeamento, ou o ten suspendido ou anulado. 60 deles xa comezaron a redactalo, e só **dous** deles, os concellos de Abadín e Ribeira de Piquín na provincia de Lugo, non ten planeamento y non o están redactando.

Na actualidade dos 315 concellos galegos, un total de 253, un 80%, réxenxe por un planeamento xeral, sendo a media nacional do Estado Español do 78%.

PRIMEIRO SEMESTRE
2013

**INFORME COAG: EVOLUCIÓN DO VISADO E
ESTADO URBANÍSTICO DAS
COMARCAS E CONCELLOS
DE GALICIA**

ESTATÍSTICAS: PRIMEIRO SEMESTRE 2013

**EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE VISADO DE PROXECTOS E ESTADO URBANÍSTICO
DAS COMARCAS E CONCELLOS DE GALICIA, NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2013**
(acumulados os datos de anos anteriores)



Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Praza da Quintana nº 3. Casa da Conga.

15704 Santiago de Compostela

Teléfono 981.552 400

Fax 981. 561 658

C.I.F. Q-1575005-B

Xunta de Goberno

Decano / Presidente

Antonio Maroño Cal

Tesoureiro

Carlos Rodríguez de la Torre

Secretario

José Luis Sanmiguel Guerreiro

Presidentes

A Coruña

Carlos Pita Abad

Lugo

Raúl J. Veiga Lamelas.

Ourense

José Jaime Vázquez Iglesias

Pontevedra

Manuel Abelleira Argibay

Vigo

Antonio Davila Alonso

Santiago de Compostela

Ana Domínguez Laíño

Ferrol

Ramón Montero Cereijo

Vocais libres

Elvira Carregado Pazos

Alfredo Díaz Grande

Xosé Manuel López Leira

Vocal en representación da Delegación de A Coruña

Cristóbal Crespo González

Vocal en representación da Delegación de Vigo

José Manuel Rosales Noves

Redacción e coordinación

Alberto Escobar Molinero

Colaboracións das

Área técnica

- Servizo de supervisión

- Servizo de asesoramento

Área de urbanismo

Área de informática



ÍNDICE

1. ESTATÍSTICAS DE VISADO

- 1.1. Número total de vivendas visadas
- 1.2. Vivenda de Protección Oficial
- 1.3. Vivenda Rehabilitada
- 1.4. Vivenda Colectiva
- 1.5. Vivenda Unifamiliar
- 1.6. Vivendas con CFO emitido
- 1.7. ITE's visadas

2. NOVIDADES NORMATIVAS

- 2.1. Técnicas
- 2.2. Urbanísticas
- 2.3. Outras

3. ACTIVIDADE URBANÍSTICA, DE CONTROL E DE REHABILITACIÓN EN GALICIA

- 3.1. Actividade urbanística do planeamento urbanístico
- 3.2. Plano de estado do planeamento en Galicia
- 3.3. Concellos adscritos á APLU
- 3.4. Concellos con Oficina de Rehabilitación

4. RESUMO XERAL

- 4.1. Número de vivendas visadas
- 4.2. Superficie construída e contía económica de uso Residencial en Galicia
- 4.3. Proporción de vivendas unifamiliares
- 4.4. Histórico de vivendas visadas

5. ESTATÍSTICAS DE VIVENDA VISADA, PORMENORIZADAS POR COMARCAS E CONCELLOS

- 5.1. Provincia de A Coruña
- 5.2. Provincia de Lugo
- 5.3. Provincia de Ourense
- 5.4. Provincia de Pontevedra

6. OBTENCIÓN E PROCEDENCIA DOS DATOS



1. ESTATÍSTICAS DE VIVENDAS VISADAS

1.1. Número de Vivendas visadas

O interese dos datos recollidos polo Colexio de Arquitectos de Galicia está en que poden anticipar a actividade construtiva que se poda realizar nun futuro inmediato, posto que representan o número de vivendas que en uns meses se poderán executar "ex novo" ou rehabilitar pormenorizadamente nos diferentes concellos e comarcas galegas, logo de conseguir a necesaria licenza municipal de obras.

Cabe destacar que esta análise estatística vense facendo polo Colexio de Arquitectos de Galicia desde o ano 2000 ata á actualidade, isto é desde fai mais de trece anos. A este informe non lle afectou o RD estatal 1000/2010 de "visado obligatorio", posto que só se contabilizan as edificacións na fase de "execución" que poden ser construídas tras a consecución da licenza municipal de obra, al ser dita fase de visado obligatorio.

Á vista dos datos contidos nas táboas finais deste informe, debémonos contradicir no dito no anterior informe estatístico do segundo semestre de 2012, onde dicíamos que a actividade de visado colexial parecía que houbera tocado fondo, pois ben, a vista da táboas e gráficos adxuntos, o primeiro semestre de 2013 con 1.550 vivendas visadas foi o peor rexistro dos contabilizado polo COAG nos últimos trece anos, caendo o número de actuacións en vivendas novas o rehabilitadas ata un 13,5% con respecto o derradeiro semestre do ano 2012, e nun 6% de baixa con respecto o rexistrado no primeiro semestre do año 2012, que era ata agora era o dato peor.


Ademais a contía económica visada reflectida nos proxectos baixou ata un 26% con respecto o derradeiro semestre do ano 2012, e a superficie visada tamén baixou un 10% sobre o semestre anterior, actuando como lastre o medo a crise, o elevado stock de vivenda, a escasa demanda sobrante de vivendas en venta aínda pendente de vender, as vivendas de segunda man postas a venda polas entidades bancarias debidas a impagos hipotecarios, e a conseguinte contrición do crédito debido á crise económica.

Ademais sobre o elevado stock de vivenda e a escasa demanda, dicir que cunha expectativa media de vida en España de 82 anos, a demanda existente e futura será previsiblemente insuficiente para absorber o "stock" de vivenda nova", segundo se desprende dos informes consultados, estando a diminuír en Galicia e España debido, entre outras razóns, á redución da poboación de mozos compradores. A poboación con idades comprendidas entre 25 e 35 anos, principais compradores, de primeira vivenda caerá, ao parecer, a 5,1 millóns en 2022 dende os 7,7 millóns en 2012, mentres que a poboación maior de 70 anos subirá a 6,9 millóns, dende os 5,8 millóns actuais, por outro lado, as decisións do Goberno, como a eliminación da dedución por compra de primeira vivenda e a suba do IVE á adquisición de vivenda nova dende o 4% ao 10%, contribuíron á caída do prezo da vivenda, que se acelerou ao 6,6% no primeiro trimestre de 2013, fronte ao descenso do 1,4% do último trimestre de 2012. Outro factor que tamén influíu na caída de prezos é o aumento dos diferenciais das hipotecas por parte dos bancos, cuestións todas elas que non animan a promover novas actuacións.

Outro factor determinante para coñecer a demanda, é o derivado do consumo de cemento, o cal caeu en España un 24% nos seis primeiros meses do ano respecto ao mesmo período de 2012 ata as 5,47 millóns de toneladas, segundo datos da Patronal. Por tipo de obra, o consumo de cemento para a construcción de vivenda rexistra o descenso más acusado dende 2008 entre xaneiro e xuño deste ano, sendo o consumo de cemento para a construcción de vivenda o que experimentou unha caída maior que a de edificación non residencial.



Número de Vivendas Visadas por Meses (2008-1ºsem 2013)




Nota: Antes desta serie, os máximos históricos de vivendas visadas/mes, estaban nos meses de setembro de 2006, e marzo de 2007, en 8.093 e 6.130 vdas/mes respectivamente pola entrada do CTE na súa primeira e segunda parte. Mais recentemente en abril do ano 2008 foron 3.255 vdas/mes pola entrada das NHG.

NHG: Normas Hábitat Galego (Decreto 262/2007)

NHV: Normas Habitabilidade de Vivendas.(Decreto 29/2010)

Atopámonos por tanto nunha situación de estancamiento xeneralizada e incluso de novas baixadas, sendo necesario facer balance das actuacións pretéritas. A crise económica, a desconfianza nos mercados e a falta de liquidez fan que este período de latexo se estea prolongando máis aló do desexable. Como exemplo desto, podemos dicir que no segundo semestre de 2012, visáronse unha media de case 300 vdas/mes, e no primeiro semestre do 2012, o peor ata este momento foron 275 vdas/mes, e neste primeiro no 2013 só contabilizáronse 258 vdas/mes.


Evolución do visado de vivendas. Datos semestrais dos anos 2008 a 1º semestre 2013



O gráfico semestral reflexa os número de vivendas visadas, que para o primeiro e segundo semestre de 2012, foron de 1.650 e de 1.796 vivendas respectivamente, e neste último de tan só 1.550 vivendas. Neste sentido, axúdanos a obter unha imaxe nítida do que está a acontecer, pois a recuperación non parece vir. Todo indica que estamos inmersos nun ciclo de peche na expansión ilimitada das nosas



cidades, oportunidade que entendemos debe ser tida en conta para aprobar novos planeamentos urbanísticos, e posibilitar así a realización de operacións de remate das pezas urbanas, a implantación das infraestruturas necesarias de interese xeral, e de necesaria rehabilitación das zoas degradadas e do imprescindible mantemento do parque edificado.




Evolución do visado de vivendas. Datos anuais 2000- 1s 2013

Á vista do movemento histórico no visado colexial, atopámonos ante unha previsión para o remate do ano 2013 de 3.100 vdas./ano -novas ou rehabilitadas-, en toda Galicia, que como se ten dito serían os peores do ciclo histórico contabilizado, isto supoñería unha baixa do 10% con respecto aos xa malos datos do ano 2012.

O semestre rexistra valores porcentuais arredor de tan só o 12,50% respecto da cifra media anual destes últimos trece anos, que foi de 24.500 vivendas/ano, e con unha cantidade moi inferior aos 46.881 visados, tope de vivenda contabilizados no ano 2006.



Número de Vivendas Visadas 2000-1sem2013 (Variación mensual)



Evolución do visado de vivendas. Datos mensuais 2000- 1semestre 2013

NHG: Normas Hábitat Galego (Decreto 262/2007)

NHV: Normas Habitabilidad de Vivendas. (Decreto 29/2010)


CTE: Código Técnico da Edificación.(RD 314/2006)

IVE: Subida do Imposto do valor engadido

A gráfica de valores mensuais, resulta moito más significativa en canto ao rexistro de incidencias que repercuten no visado colexial. A situación que parecía haber tocado fondo a finais do ano 2012, de novo volve a baixar neste primeiro semestre do ano 2013, logo dun certo estancamiento rexistrado no ano 2011, e temos que dicir que sen visos claros dunha clara tendencia positiva.

1.2. Vivenda de Protección Oficial

En canto á vivenda sometida a algún réxime de protección pública, no primeiro semestre do 2013 non se contabilizou ningunha promoción deste tipo, o que supón o 0,00% do total das promocións, rexistrando o valor mínimo nos últimos trece anos nos que este dato colexialmente empezou a contabilizarse. Considerándose polo tanto anecdótico que o executivo galego, regulase neste semestre mediante a Resolución do 9 de xaneiro de 2013, publicada no DOG do 18 de xaneiro de 2013, as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida, co obxecto de adecuar a porcentaxe de reserva total nos diferentes concellos galegos de solo para vivenda protexida (PRTC) en que o Plan Xeral fixe unha reserva baseada nos datos estimados de demanda.




Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 1S 2013 son:

Ano	VPA	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	2947	32832	8,98 %
ano 2001	3090	30987	9,97 %
ano 2002	3358	30311	11,08 %
ano 2003	4662	32314	14,43 %
ano 2004	4592	37001	12,41 %
ano 2005	3748	40209	9,32 %
ano 2006	2776	46881	5,92 %
ano 2007	1480	37913	3,90 %
ano 2008	2036	20767	9,80 %
ano 2009	441	7708	5,72 %
ano 2010	302	4805	6,29 %
ano 2011	323	4687	6,89 %
ano 2012	41	3446	1,19 %
1s ano 2013	0	1550	0,00 %
total	29.796	331.411	8,99 %




Vivenda Sometida a Protección. 2008-1ºsem2013 (variación semestral)



Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos semestrais dos anos 2008 a 1º semestre 2013

A falla de partidas orzamentarias deste tipo de vivendas, a falla de recursos económicos da Administración nesta situación de crise xeneralizada, supón que os números deste tipo de vivendas sexan nulos.

Vivenda Sometida a Protección. 2001-1ºsem2013 (variación anual)




Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos anuais 2000 – 1 s 2013

1.3. Vivenda Rehabilitada


Neste semestre rexistrouse a maior porcentaxe de vivenda rehabilitada dos derradeiros anos, logrando situar este sector en mais do 36% do total, podendo ser debido aos efectos das medidas gobernamentais de apoio e impulso á rehabilitación, a concienciación cidadán, e polas políticas de rehabilitación do IGVS, que levan a cabo as 57 oficinas de rehabilitación municipais, segundo o listado anexo a este informe.

Vivenda Rehabilitada. 2009-1ºsem 2013 (variación mensual)



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos mensuais dos anos 2009 a 1s 2013

Vivenda Rehabilitada. 2008-1º sem 2013 (variación semestral)




Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos semestrais dos anos 2008 a 1s 2013



Se ben o 36% deste semestre invita a continuar nesta liña, favorecendo a revitalización dos nosos núcleos urbanos ou rurais, e adaptando as vivendas aos novos estándares de confortabilidade e aforro enerxético, confíase que a obrigada implantación dos novos informes de Avaliación dos Edificios (IAE), e as medidas previstas na nova Lei estatal 8/2013 de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbana e no Plan Estatal de Fomento de Aluguer e Rehabilitación 2013-2016, que substitúen as anteriores Inspeccións Técnicas de Vivendas (ITE's), necesarias polo menos en edificios maiores de cincuenta anos, así como o decidido apoio autonómico as políticas de rehabilitación xestionadas a través das oficinas rehabilitadoras municipais, deriven en mais e mellores actuacións de mantemento e rehabilitación do parque edificado galego.

Tamén confíase que as medidas correctoras que derivan da posta a disposición dos compradores ou arrendatarios do Certificado de Eficiencia Enerxética (CEE) previstas no RD 235/2013, para os contratos de compravenda ou arrendamento de vivendas, e nos edificios frecuentados habitualmente polo público, con superficie útil superior a 500 m², tanto para edificios ocupados por autoridades públicas coma para edificios de titularidade privada, obrigado a partir do 1 de xuño desde ano; deriven nun maior porcentaxe de edificación rehabilitada e axude á necesaria recuperación do sector da construcción.

Vivenda Rehabilitada. 2001-1º sem2013 (variación anual)



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos anuais 2000-1s 2013

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 1s 2013 son:


Ano	Rehabilitación	Total Vivendas	Porcentaje
ano 2000	788	32832	2,40 %
ano 2001	1032	30987	3,33 %
ano 2002	844	30311	2,78 %
ano 2003	1130	32314	3,50 %
ano 2004	1901	37001	5,14 %

ano 2005	1648	40209	4,10	%
ano 2006	1680	46881	3,58	%
ano 2007	1603	37913	4,23	%
ano 2008	1518	20767	7,31	%
ano 2009	1156	7708	15,00	%
ano 2010	1154	4805	24,02	%
ano 2011	829	4687	17,69	%
ano 2012	950	3446	27,57	%
1s ano 2013	566	1550	36,52	%
total	16799	331411	5,07	%

1.4. Vivenda Colectiva

Se nos achegamos ao visado da tipoloxía colectiva non podemos máis que verificar o descenso no número de promocións. A porcentaxe contabilizado para este tipo de vivenda para o primeiro semestre do ano 2013 e de case un 35%, cifra moi inferior ao 77% de media rexistrado entre os anos 2000 a 2007.

Vivenda Colectiva. 2009--1º sem2013 (variación mensual)




Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos mensuais dos anos 2009 a 1s 2013

Isto supón que neste semestre do ano 2013 chégase a tan só 538 vivendas colectivas, sobre un total de 1.550 unidades, o que supón menos do 35% do total, cifra mais baixa do ciclo histórico estudiado, fronte a media de 28.900 vivendas colectivas de media anual visadas no período de anos 2000 a 2007, que supoñía un porcentaxe habitual desta tipoloxía do 75%.




Vivenda Colectiva. 2008-1º sem 2013 (variación semestral)



Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos semestrais dos anos 2008 a 1s 2013

Este valor porcentual para vivenda colectiva, como temos dito, é o máis baixo dende que se teñen rexistrado valores, tamén en termos absolutos, rebaixando o contabilizado no 2º semestre do ano 2010.

Vivenda Colectiva. 2001-1ºsem2013 (variación anual)




Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos anuais 2000-1s 2013.

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 1s 2013 son:

Ano	V. Colectiva	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	25136	32832	76,52 %
ano 2001	23215	30987	74,92 %
ano 2002	22148	30311	73,07 %
ano 2003	28132	32314	87,06 %
ano 2004	29528	37001	79,80 %
ano 2005	32195	40209	80,07 %
ano 2006	38382	46881	81,87 %
ano 2007	31236	37913	82,39 %
ano 2008	15017	20767	72,31 %
ano 2009	4704	7708	61,03 %
ano 2010	2079	4805	43,27 %
ano 2011	2253	4687	48,07 %
ano 2012	1288	3446	37,38 %
1s ano 2013	538	1550	34,71 %
total	255851	331411	77,20 %


1.5. Vivenda Unifamiliar

Como en semestres recentes anteriores, o visado da vivenda unifamiliar segue tendo un marcado ritmo asimétrico respecto á do resto de variables analizadas. Lonxe de promocións por lote, a tipoloxía unifamiliar illada cumple unha función de expectativa individual, na que a economía persoal xoga un papel moi importante. A media de vivendas unifamiliares visadas neste semestre sitúase en case 170 por mes, inferior en dez unidades con respecto os anteriores semestres, e moi lonxe das 550 de media por mes rexistradas en períodos normais de actividade edificatoria.




Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos mensuais dos anos 2009 a 1s 2013.

Así, o número total de vivendas unifamiliares visadas no primeiro semestre do ano 2013, foi de 1.012 unidades, o que a sitúa nun porcentaxe do mais do 65% respecto das vivendas totais visadas, sendo esta porcentaxe a máxima rexistrada anualmente nas series dos últimos catorce anos, segundo pódese ver no gráfico adxunto:



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos semestrais dos anos 2008 a 1s 2013.

Malia a situación, debemos ter presente que existe unha baixada do 6% no número de vivendas unifamiliares visadas con respecto os semestres do ano 2012, que se ben este tipo de edificación, resiste con maior fortuna aos envites da situación financeira, non é que quen de sostener a actividade edificatoria dos últimos anos por si soa. Sen dúbida, a tendencia futura é a de corrixir estes valores, no que a vivenda unifamiliar non supere porcentaxes maiores do 25-35% respecto da colectiva. Ata ese momento, podemos advertir unha situación de irregularidade, que ven marcada pola situación económica actual de crise.



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos anuais 2000 a 1s 2013

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 1s 2013 son:


Ano	V. Unifamiliar	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	7406	32832	22,56 %
ano 2001	7470	30987	24,11 %
ano 2002	7768	30311	25,63 %
ano 2003	6348	32314	19,64 %
ano 2004	6938	37001	18,75 %
ano 2005	8024	40209	19,96 %
ano 2006	8743	46881	18,65 %
ano 2007	6462	37913	17,04 %
ano 2008	5602	20767	26,98 %
ano 2009	2737	7708	35,51 %
ano 2010	2520	4805	52,45 %
ano 2011	2371	4687	50,59 %
ano 2012	2158	3446	62,62 %
1s ano 2013	1012	1550	65,29 %
total	75560	331.411	22,80 %



1.6. Vivendas con CFO emitido

Este gráfico representa o número que historicamente obtiveron o corresponde Certificado Final de Obra. Dicir que para o primeiro semestre de 2013 as vivendas rematadas foron tan só un 3,5% das vivendas visadas, converxendo, de xeito acusado o número de vivendas visadas ao número de vivendas rematadas.

Vivendas con Certificado Final de Obra. 2000-1º sem2013 (variación anual)



Evolución do certificado final de obra respecto a vivendas visadas. Datos anuais 2000-1s 2013

Nota: Os datos correspondentes ás vivendas con certificado Final de obra a partires do ano 2011 están calculados tendo en conta a tramitación segundo o convenio asinado ó efecto entre o Colexio de arquitectos de Galicia e o Consello galego de aparelladores.

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2005 e 1s 2013 son:

Ano	Total Vivendas	Vivendas con CFO
ano 2000	32832	
ano 2001	30987	
ano 2002	30311	
ano 2003	32314	
ano 2004	37001	
ano 2005	40209	28.718
ano 2006	46881	28.471
ano 2007	37913	30.210
ano 2008	20767	29.585
ano 2009	7708	25.284
ano 2010	4805	11.294
ano 2011	4687	9.293
ano 2012	3466	5.531
1s ano 2013	1550	1605



1.7. ITES tramitadas 2010-2013

A Lei 9/2002, do 31 de decembro de ordenación urbanística de Galicia non seu artigo 200 regula ás Inspeccións periódica de construcións (ITES), nela dí que o facultativo que faga a inspección consignará os resultados expedindo un informe que describa os danos apreciados no inmoble, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio destas. Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia do informe esixe remitir copia deste ao concello e ao colexio profesional correspondente. O concello poderá esixir dos propietarios a exhibición dos informes actualizados de inspección periódica de construcións e, se descubrísse que estas non se efectuaron, poderá realizarlas de oficio a custa dos obligados.

Posteriormente o Real Decreto-Lei 8/2011, da 1 de xullo, estableceu as ITES como condición obrigatoria para os edificios de antigüidade superior a 50 anos en municipios con máis de 25.000 habitantes para antes do 2016, no caso de Galicia en dezaseis concellos, e outorga competencia ás Comunidades Autónomas para que regulen esta aplicación dentro do prazo establecido.

Mais recentemente a Lei estatal 8/2013 de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbana, denomina a estes informes de Avaliación dos Edificios (IAE), e establece medidas concretas no Plan Estatal de Fomento de Aluguer e Rehabilitación 2013-2016 , sendo necesarias al parecer en calquera concello, e sempre en edificios maiores de cincuenta.

Confíase que as medidas correctoras que derivan da posta a disposición dos compradores ou arrendatarios do Certificado de Eficiencia Enerxética (CEE) do RD 2357/2013, para os contratos de compravenda ou arrendamento de vivendas, e nos edificios frecuentados habitualmente polo público, con superficie útil superior a 500 m², tanto para edificios ocupados por autoridades públicas coma para edificios de titularidade privada, obrigado a partir do 1 de xuño desde ano; deriven nun maior porcentaxe de edificación rehabilitada e axude á necesaria recuperación do sector da construcción.

Dicir que a ordenanza ITE (agora IAE, en castelán IEE), só está implantada nos concellos de A Coruña, Cangas, Culleredo, Ferrol, Lugo, Oleiros, Ourense, Ribadeo, Santiago e Vigo, si ben tan só en cinco de eles estase a esixir. Deste xeito segundo o programa de xestión de expedientes colexial, rexistráronse os seguintes datos, que son ilustrativos do rigor e intensidade con que estase a esixir tal cuestión:

ano	Municipio					Total xeral
	A Coruña	Lugo	Ourense	Santiago	Vigo	
2010	64	679	--	20	1.264	2.027
2011	41	546	--	--	3.789	4.376
2012	42	789	261	--	2.288	3.380
2013	16	73	79	0	1.380	1.548
Total	163	2.087	340	20	8.721	11.331



2. NOVIDADES NORMATIVAS

A continuación, facemos un resumen das referencias legais acontecidas no primeiro semestre do ano 2013, distinguindo entre normas de perfil técnico, urbanístico, e outras de interese xeral para a profesión que de algunha ou outra forma poden influír en maior o menor medida no fluxo do visado e da actividade colexial. As mais salientables para a nosa profesión neste período foron:

- A Lei 8/2003 de Rehabilitación, Regeneración y Renovación urbana, e o Plan Estatal de Fomento de Aluguer e Rehabilitación 2013-2016.
- O RD 235/2013 sobre Certificación de eficiencia enerxética (CEE) e as Novidades na inscrición no Rexistro de CEEE en Galicia, feitas pola Consellería de Economía e Industria na súa Resolución do 20 de maio de 2013.
- A Lei de protección e uso sostible do litoral e modificación da Lei de Costas.
- A Lei 12/2012, do 26 de decembro, que parte do Real Decreto-Lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urgentes de liberalización do comercio e de determinados servizos co obxectivo de dinamizar a actividade comercial minorista mediante a eliminación de cargas e restricións administrativas.

En outro orden de cousas, presentouse neste período, en concreto polo Consello de Ministros do venres 26 de abril, o anteproxecto de Lei de colexios e servizos profesionais, que quere ser un novo plan nacional de reformas entre as que se atopa a elaboración de una unha nova Lei de colexios e servizos profesionais que ten como obxectivo a simplificación e a apertura de actividades no noso país. Iníciase así un proceso lexislativo no que esta previsto o dialogo cos diferentes colectivos implicados.

En maior as novedades lexislativas desde semestre foron:

2.1. Técnicas

Primeiro Semestre

- Lei 8/2013 de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación urbanas. BOE 27/6/2013
- Real Decreto 233/2008 polo que se regula o plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016. BOE 10/4/2013
- Real Decreto 235/2013 que aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética de los edificios. BOE 13/4/2013
- Resolución 20/5/2013 aproba o modelo de solicitude para a inscrición dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios existentes no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia. DOG 30/5/2013
- Decreto 74/2013 polo que se modifica o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia para a adaptación á directiva 95/16/ce, do Parlamento europeo e do consello, do 29 de xuño, sobre aproximación das lexislacións dos estados membros relativas a ascensores. DOG 22/5/2013
- Real Decreto 238/2013 polo que se modifica determinados artigos e instrucións técnicas do regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo. BOE 13/4/2013
- Real Decreto 88/2013 pola que se aproba a instrución técnica complementaria AEM 1 "ascensores" do regulamento de aparatos de elevación y manutención, aprobado por Real Decreto 2291/1985, de 8 de novembro. BOE 22/2/2013
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. DOG 07/06/2013



- Instrucción 2/2013, do 19 de marzo, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, sobre a interpretación e aplicación do Regulamento de instalacións térmicas en edificios (RITE) respecto da temperatura e caudal de auga quente sanitaria (AQS) determinados polo Código técnico da edificación (CTE). DOG 10/04/2013
- Resolución do 9 de xaneiro de 2013 pola que se fixan as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida. DOG 18/01/2013

2.2. Urbanísticas

Primeiro Semestre

- Lei 2/2013 de protección e uso sostenible do litoral e de modificación da lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas. BOE 30/5/2013

2.3 Outras

Primeiro Semestre

- Ley 1/2013, de 14 de mayo, de medidas para reforzar la protección a los deudores hipotecarios, reestructuración de deuda y alquiler social. BOE 15/05/2013
- Ley 4/2013, de 4 de junio, de medidas de flexibilización y fomento del mercado del alquiler de viviendas. BOE 05/06/2013
- Real Decreto 189/2013, de 15 de marzo, por el que se modifica el Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, por el que se regulan los certificados de profesionalidad y los reales decretos por los que se establecen certificados de profesionalidad dictados en su aplicación. BOE 2170372013
- Real Decreto-ley 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo. BOE 23/02/2013
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia. DOG 17/06/2013
- Lei 1/2013, do 13 de febreiro, pola que se modifica a Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia. DOG 14/02/2013
- Decreto 83/2013, de 6 de xuño, polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras e se constitúe o municipio de Oza-Cesuras. DOG 07/06/2013
- Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de ejecución e explotación de infraestruturas hidráulicas. DOG 16/04/2013



3. ACTIVIDADE URBANÍSTICA, DE CONTROL E DE REHABILITACIÓN EN GALICIA

3.1. Actividade urbanística do planeamento urbanístico.

(datos proporcionados pola Secretaría Xeral de urbanismo da Xunta de Galicia, e contidos no Diario Oficial de Galicia no primeiro semestre de 2013)

I. PLANEAMENTO XERAL

A. APROBACIÓN DEFINITIVA DE PLANEAMENTO XERAL (SEGUNDO ART. 85.7a)

Primeiro semestre

- **PXOM de Mesía.** Diario nº 7 de data 10/01/2013. ORDE do 26 de decembro de 2012 sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Mesía.
- **PXOM de Camariñas.** Diario nº 7 de data 10/01/2013. ORDE do 26 de decembro de 2012 sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Camariñas.
- **PXOM de Láncara.** Diario nº 48 de data 08/03/2013. ORDE do 22 de febreiro de 2013 sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Láncara.
- **PXOM de A Coruña.** Diario nº 48 de data 08/03/2013. ORDE do 25 de febreiro de 2013 sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Coruña.
- **PXOM de Sober.** Diario nº 75 de data 18/04/2013. ORDE do 5 de abril de 2013 sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal de Sober.
- **PXOM de Xunqueira de Espadanedo.** Diario nº 84 de data 02/05/2013. ORDE do 19 de abril de 2013 sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal de Xunqueira de Espadanedo.
- **PXOM de A Estrada.** Diario nº 112 de data 13/06/2013. ORDE do 3 de xuño de 2013 sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello

B. LICITACIÓNS/ADXUDICACIÓNES

Primeiro semestre

- Neste período non houbo

C. AVANCE DE PLANEAMENTO

Primeiro semestre

- Neste período non houbo.

D. APROBACIÓN AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA O INNECESARIEDADE DO MESMO

Primeiro semestre

- **PXOM de Ceredo.** Diario nº 65 de data 04/04/2013. RESOLUCIÓN do 11 de marzo de 2013, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ceredo.
- **PXOM de Ribadeo.** Diario nº 65 de data 04/04/2013. RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2013, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Ribadeo.



E. APROBACIÓN DEFINITIVA PUBLICADA EN EL DOG

Primeiro semestre

Modificacións puntuais

AC

- **A Coruña.** Diario nº 103 de data 31/05/2013. ANUNCIO de aprobación de cambio de uso de parcela municipal (631/29/2013). Cambiar o uso previsto no documento do Plan xeral para a parcela municipal segregada do CEIP Raquel Camacho, asignando un uso de equipamento público educativo – asistencial ED+AS (Pb).
- **Ames.** Diario nº 10 de data 15/01/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial do sector S-14, Travesía do Porto Norte.
- **Ames.** Diario nº 10 de data 15/01/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial do sector S-16, Galdrachán. Ames
- **Ares.** Diario nº 3 de data 04/01/2013. ORDE do 13 de decembro de 2012 sobre a modificación puntual da normativa urbanística das normas subsidiarias de planeamento municipal do Concello de Ares
- **Boiro.** Diario nº 19 de data 28/01/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial dos sectores SURPP B1 e B2. Boiro
- **Boiro.** Diario nº 58 de data 22/03/2013. ANUNCIO de modificación do acordo plenario do 17 de xaneiro de 2013, de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial dos sectores SURPP B1 e B2.
- **Coirós.** Diario nº 7 de data 10/01/2013. ORDE do 26 de decembro de 2012 sobre a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Coirós no lugar de Pena, Armea.
- **Laracha.** Diario nº 98 de data 24/05/2013. ORDE do 8 de maio de 2013 sobre a aprobación definitiva da modificación puntual número 3 do Plan xeral de ordenación municipal do concello da Laracha.
- **Oleiros.** Diario nº 51 de data 13/03/2013. ORDE do 27 de febreiro de 2013 sobre a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Oleiros (A Coruña) relativa á súa ordenanza 7
- **Ribeira.** Diario nº 98 de data 24/05/2013. ORDE do 8 de maio de 2013 sobre aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Ribeira, no artigo 108.1 da súa normativa.
- **Santiago de Compostela.** Diario nº 77 de data 22/04/2013. ORDE do 8 de abril de 2013 sobre aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela, nos capítulos IV e V, e nos artigos 125.6 e 126.7 da normativa urbanística
- **Santiago de Compostela.** Diario nº 63 de data 02/04/2013. ORDE do 14 de marzo de 2013 de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela e do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) no número 5 da rúa de San Miguel dos Agros.



- **Santiago de Compostela.** Diario nº 8 de data 11/01/2013. ORDE do 26 de decembro de 2012 sobre a aprobación definitiva da modificación do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Santiago de Compostela, para a ampliación do cemiterio de San Xián do Carballal.
- **Santiago de Compostela.** Diario nº 25 de data 05/02/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22), no ámbito do quinto 16, Castro de Abaixo.
- **Santiago de Compostela.** Diario nº 67 de data 08/04/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural do termo municipal de Santiago de Compostela no ámbito das vivendas de Ramírez.
- **San Sadurniño.** Diario nº 20 de data 29/01/2013. DECRETO 12/2013, do 17 de xaneiro, de aprobación definitiva da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de San Sadurniño (A Coruña) para a delimitación do núcleo rural da Esperanza.

OU

- **Maside.** Diario nº 71 de data 12/04/2013. ORDE do 25 de marzo de 2013 sobre a aprobación definitiva da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Maside para a delimitación do núcleo rural da Casanova.
- **Vilamarín.** Diario nº 20 de data 29/01/2013. DECRETO 11/2013, do 17 de xaneiro, de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vilamarín no núcleo rural de Delvezón.

PO

- **Nigrán.** Diario nº 31 de data 13/02/2013. ORDE do 31 de xaneiro de 2013 sobre aprobación definitiva da modificación puntual número 24 das Normas subsidiarias municipais do concello de Nigrán, referida ás ordenanzas 6 e 7.
- **Poio.** Diario nº 43 de data 01/03/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan especial de protección do núcleo histórico de Combarro na rúa do Mar 46 (Poio-Pontevedra).
- **Porriño.** Diario nº 8 de data 11/01/2013. ORDE do 26 de decembro de 2012 sobre a aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do concello do Porriño para a corrección de erros no polígono da Granxa.
- **Sanxenxo.** Diario nº 74 de data 17/04/2013. ORDE do 1 de abril de 2013 sobre aprobación definitiva da modificación puntual número 2 do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Sanxenxo.
- **Vigo.** Diario nº 63 de data 02/04/2013. ORDE do 14 de marzo de 2013 de aprobación definitiva da modificación puntual número 7 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo.
- **Vilanova de Arousa.** Diario nº 67 de data 08/04/2013. Decreto 56/2013 de 21 de marzo de aprobación definitiva da modificación puntual 14 das normas subsidiarias municipais do concello de Vilanova de Arousa no lugar de Currás, parroquia de Caleiro.
- **Vilanova de Arousa.** Diario nº 67 de data 08/04/2013. DECRETO 56/2013, do 21 de marzo, de aprobación definitiva da modificación puntual número 15 das normas subsidiarias municipais do Concello de Vilanova de Arousa, no lugar de Currás, parroquia de Caleiro.



Plans parciais e plans especiais

AC

- **Ames.** Diario nº 107 de data 06/06/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial de dotacións da cidade deportiva do Real Aeroclub de Santiago no concello de Ames.
- **Ames.** Diario nº 25 de data 05/02/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación de dotación escolar no Milladoiro. Ames
- **Ames.** Diario nº 97 de data 23/05/2013. ANUNCIO de información pública sobre a aprobación definitiva do plan parcial S-15.
- **Culleredo.** Diario nº 9 de data 14/01/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial no ámbito da Universidade Laboral do Burgo (PE-3). Culleredo
- **Curtis.** Diario nº 73 de data 16/04/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas deste concello.
- **Oleiros.** Diario nº 104 de data 03/06/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do texto refundido do Plan parcial SUD-11 e evaluación ambiental estratégica (expediente FG nº 560). Padrón. Diario nº 71 de data 12/04/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan parcial do solo urbanizable industrial de Estramundi de Abaixo.
- **Zas.** Diario nº 116 de data 19/06/2013. Aprobación definitiva do Plan Parcial Os Muiños.

OU

- **San Cibrao das Viñas.** Diario nº 50 de data 12/03/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial de mellora do medio do polígono comercial de Barreiros. san cibrao das viñas
- **Oimbra.** Diario nº 15 de data 22/01/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial do parque empresarial de Oímabra.

PO

- **Catoira.** Diario nº 83 de data 30/04/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan parcial do sector SUID-1.
- **Pontevedra.** Diario nº 22 de data 31/01/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial de reforma interior para o desenvolvimento urbanístico do polígono delimitado en solo urbano non consolidado do PXOU, en Campolongo (rúas Alfonso X O Sabio, Pintor Rafael Alonso/Fernando II, Pintor Virxilio Blanco, rúa das Perliñas e camiño das Abilleiras). Pontevedra
- **Vigo.** Diario nº 95 de data 21/05/2013. ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan parcial S-34-R Falcoa (expediente 11485/411).

Plans de sectorización

AC

